



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA




INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Agosto 2022

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de agosto en Galicia un incremento do 32,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 7,4 puntos superior á do mes de xullo. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 23,2%, 5,0 puntos máis que no mes anterior.
- No Comercio aumenta a facturación o 36,2% e nos Outros servizos o 24,8%.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 2,0% e en España un 3,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Todas as comunidades autónomas rexistran incrementos do persoal ocupado no mes de agosto agás Aragón e Cantabria.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de agosto en Galicia un incremento do 32,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 7,4 puntos superior á do mes de xullo. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 23,2%, 5,0 puntos máis que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento do 36,2%, suma 25,0 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 24,8% e achegan 7,8 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* crece o 23,7% e nos *Outros servizos* o 22,4%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 47,0%, co que achega 21,8 puntos a taxa de variación do índice xeral, a *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta un 12,0% e achega 0,5 puntos e o *Comercio ao retalho* crece un 14,3% co que suma 2,7 puntos. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* aumenta o 29,1%, o *Comercio ao retalho* o 15,9% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 12,0%.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 24,8%. Todos os sectores aumentan a súa facturación. Os maiores incrementos rexístranse no *Transporte*, 36,9%, co que achega 5,8 puntos a taxa de variación do índice xeral, e na *Hostalería*, 23,3%, co que achega 1,3 puntos.

En España, os *Outros servizos* crecen o 22,4%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os maiores incrementos rexistranse no *Transporte* (23,6%), na *Hostalería* (24,4%), e nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (36,1%).

Nos primeiros oito meses do ano, o índice xeral aumenta un 27,6% en Galicia e un 22,7% no conxunto de España. O *Comercio* crece en Galicia un 25,1% e os *Outros servizos* un 34,6%. España rexistra taxas inferiores, 21,7% no *Comercio* e 24,9% nos *Outros servizos*.

Todos os sectores rexistran taxas positivas. En Galicia, os maiores incrementos rexistranse no *Comercio por xunto* (30,7%), *Transporte* (44,4%) e *Hostalería* (63,8%).

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 16,3% no mes de agosto.

Os sectores que máis contribúen a este incremento son: o *Comercio*, cun crecemento do 32,5% co que achega 9,8 puntos, e o *Transporte*, cunha taxa do 29,9% co que suma 5,0 puntos. En senso contrario, as *Actividades administrativa e servizos auxiliares* diminúen un 14,8%.

No que vai de ano, o índice rexistra unha taxa do 27,5%. Os maiores crecementos danse no *Transporte* (33,3%) e *Hostalería* (55,6%).

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 29,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 14,9%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.






1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de agosto aumenta a cifra de negocios en todas as comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores crecementos danse en Illes Balears (41,2%), Galicia (32,8%) e Canarias (30,2%). Os menores incrementos rexístranse en La Rioja (9,4%), Castilla - La Mancha (13,7%) e Castilla y León (13,9%).

No que vai de ano, as comunidades con maiores incrementos da cifra de negocios son Illes Balears (50,2%) e Canarias (41,5%). As comunidades autónomas con menores crecementos son Murcia (11,9%), Castilla - La Mancha (14,6%) e Castilla y León (14,9%).

Índices de cifra de negocios. Agosto 2022

Taxa de variación en %




2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,0% respecto ao mes de agosto de 2021, 1,6 puntos menos que en España (3,6%).

O persoal ocupado crece un 1,7% no *Comercio* e un 2,3% nos *Outros servizos*. O maior incremento dáse na *Hostalería* (8,4%) mentres que rexistran taxas negativas a *Venta e reparación de vehículos de motor* (-4,3%), o *Transporte* (-1,6%) e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-0,9%).



En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. O maior crecemento rexistrase tamén na *Hostalería* (7,1%).

No que vai de ano, a ocupación crece un 3,0% en Galicia e un 4,6% no conxunto de España. O maior incremento dáse na *Hostalería*, 10,9% en Galicia e 13,2% en España. O *Transporte* e a *Venta e reparación de vehículos de motor* rexistran taxas negativas en Galicia, -0,7% e -0,2% respectivamente, mentres que a nivel nacional todos os sectores rexistran taxas positivas.


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de agosto con respecto ao mesmo mes do ano 2021 agás Aragón (-1,1%) e Cantabria (-0,1%). As taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (10,1%) e Canarias (6,5%).

No acumulado do ano, os maiores crecementsos danse en Illes Balears (16,5%) e Canarias (6,8%). As comunidades con menores incrementos son Aragón (1,2%) e Castilla y León (2,0%).

Índices de persoal ocupado. Agosto 2022

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Agosto 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	168,9	32,8	27,6
Comercio	163,0	36,2	25,1
Venta e reparación de vehículos de motor	116,7	12,0	14,6
Comercio por xunto	177,6	47,0	30,7
Comercio ao retallo	137,7	14,3	10,7
Outros servizos	185,7	24,8	34,6
Transporte	254,4	36,9	44,4
Hostalería	178,2	23,3	63,8
Información e comunicacións	118,8	12,7	16,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	128,9	0,6	4,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	117,2	8,8	19,9
España			
Xeral	138,7	23,2	22,7
Comercio	141,1	23,7	21,7
Venta e reparación de vehículos de motor	111,7	12,0	5,4
Comercio por xunto	153,8	29,1	27,9
Comercio ao retallo	125,9	15,9	13,6
Outros servizos	134,3	22,4	24,9
Transporte	141,7	23,6	27,8
Hostalería	162,3	24,4	62,2
Información e comunicacións	107,1	10,7	9,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	120,4	19,0	10,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	145,4	36,1	36,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir de datos suministrados por INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Agosto 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	166,1	16,3	27,5
Comercio	159,4	32,5	23,3
Transporte	199,3	29,9	33,3
Hostalería	191,8	8,7	55,6
Información e comunicacións	121,6	14,7	17,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	132,9	1,1	7,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	147,4	-14,8	12,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir de datos suministrados por INE

Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Agosto 2022

	ÍNDICE	VARIACIONS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	138,7	23,2	22,7
Andalucía	137,0	20,0	19,0
Aragón	135,7	18,2	19,8
Asturias	144,5	17,5	17,6
Baleares, Illes	189,9	41,2	50,2
Canarias	141,1	30,2	41,5
Cantabria	159,2	15,0	16,7
Castilla y León	130,2	13,9	14,9
Castilla-La Mancha	136,9	13,7	14,6
Cataluña	127,7	21,3	21,7
Comunitat Valenciana	141,1	19,0	18,6
Extremadura	151,2	15,0	17,2
GALICIA	168,9	32,8	27,6
Madrid	139,3	28,4	26,0
Murcia	134,9	15,3	11,9
Navarra	142,4	18,4	22,0
País Vasco	123,5	16,1	18,1
Rioja, La	136,9	9,4	15,4

Fonte: N E

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Agosto 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	110,4	2,0	3,0
Comercio	111,6	1,7	2,1
Venta e reparación de vehículos de motor	95,9	-4,3	-0,2
Comercio por xunto	123,2	0,9	1,1
Comercio ao retalho	108,2	3,5	3,3
Outros servizos	109,4	2,3	3,7
Transporte	100,1	-1,6	-0,7
Hostalería	106,8	8,4	10,9
Información e comunicacións	117,1	1,5	3,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	113,2	2,1	2,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	116,0	-0,9	1,5
España			
Xeral	110,5	3,6	4,6
Comercio	107,6	2,1	2,1
Venta e reparación de vehículos de motor	105,6	0,9	1,2
Comercio por xunto	108,6	1,6	1,6
Comercio ao retalho	107,4	2,6	2,6
Outros servizos	112,3	4,6	6,3
Transporte	110,9	3,8	3,4
Hostalería	108,5	7,1	13,2
Información e comunicacións	119,1	6,1	5,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	110,8	3,3	3,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	116,1	3,2	4,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Agosto 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	110,5	3,6	4,6
Andalucía	107,7	3,8	4,8
Aragón	108,8	-1,1	1,2
Asturias	109,2	2,7	3,2
Baleares, Illes	132,8	10,1	15,5
Canarias	106,9	6,5	6,8
Cantabria	110,5	-0,1	3,5
Castilla y León	104,3	1,3	2,0
Castilla-La Mancha	110,7	2,4	4,2
Cataluña	114,1	4,5	5,8
Comunitat Valenciana	107,7	2,2	3,4
Extremadura	110,6	4,8	5,0
GALICIA	110,4	2,0	3,0
Madrid	110,2	4,4	4,5
Murcia	117,9	2,8	3,7
Navarra	108,2	1,7	4,0
País Vasco	104,8	1,5	2,1
Rioja, La	107,4	0,3	2,2

Fonte: NE